

La Voz de Galicia

«Eu non creo niso de norte e sur»



[Luís Pousa](#) A CORUÑA/LA VOZ. [GALICIA](#)

«Sigo pensando o mesmo que antes de ser nomeado, porque vivo nunha cultura na que a liberdade de pensamento non se proclama, vívese», reivindica o poeta

25 xullo 2010.

Entre as pedras de ouro da Cidade Vella da Coruña, na antiga casa da Pardo Bazán e actual sede da Real Academia Galega, resoan os ecos fantasmais dos grandes das nosas letras e emerxe a voz poderosa de Xosé Luís Méndez Ferrín, que parece recitar as respostas, como se a conversa fora un dos seus poemas.

-Supoño que é moi especial recibir o premio que leva o nome de Juan Fernández Latorre, fundador de La Voz de Galicia e da Biblioteca Gallega.

-Para min recibir o premio Fernández Latorre é un honor. E tamén demostra que o premio é un premio serio, non porque mo concedan a min, senón porque o conceden a un colaborador permanente doutro periódico, dun periódico da competencia como é o Faro de Vigo. Iso é xenerosidade e altura de miras.

-Cando o nomearon presidente da Academia houbo algunhas voces críticas que sinalaban que un intelectual significadamente de esquerdas e nacionalista non podía ser un home de consenso.

-Eu sigo pensando o mesmo que pensaba antes de ser nomeado. Eu vivo dentro dunha cultura na que a liberdade de pensamento non se proclama, vívese. De todas maneiras hai xente que ten espíritos inquisitoriais, que cre na picota, que cre na fogueira e que cre que determinados principios merecen o tribunal da Santa Inquisición, pero xa non existe iso.

-Nesta Galicia nosa que ás veces anda en liortas entre norte e sur, ¿séntese cómodo un vigués de Ourense traballando na Academia, na Coruña?

-Eu son un sudista [risos]. Naturalmente que si que me sinto cómodo nesta tradición liberal progresista, republicana e galeguista, que é moi propia da Coruña, e este é o corazón desa tradición. Pero eu non creo niso de norte e sur.

-Non, eu tampouco.

-O terrible é que hai unha Galicia leste e unha Galicia oeste. Iso si que é terrible: unha Galicia leste despoboándose, coa agricultura arruinada, coas explotacións gandeiras reducidas á mínima expresión... e unha Galicia oeste, de norte a sur, poboada, rica e florecente. Iso é o que doe, non o do norte-sur.

-Falemos de literatura. En Galicia hai sempre esa obsesión de que falta «a gran novela», aínda que temos mestres en xéneros difícilísimos como a poesía e o conto.

-Iso foi unha idea de Torrente Ballester, que empezou a dicir: «Falta la gran novela gallega». Eu creo que o conto é un xénero máis difícil que a novela. Como dicía Cortázar: «En la novela puedes ganar por puntos, pero en el cuento tienes que ganar por K. O.». Non hai termo medio, un conto non pode ser regular. Ten que ser perfecto.

-Na súa prosa, un dos seus grandes temas é a raia.

-Si, os que vivimos preto de Portugal, da raia, temos unha sensación ambigua, porque estamos ao lado dunha fronteira política que é a máis antiga de Europa, porque data do século XII e, polo tanto, é unha raia moi poboada e moi permeable, na que se dan cousas curiosas: o contrabando, un mundo ancestral que xa non existe, os refuxiados políticos... Todo isto sempre me suxeriu moitas ideas para as novelas.

-E tamén nas cidades hai unha raia mental, un límite entre o centro urbano e a aldea, que está mesmo ás portas de Vigo ou A Coruña.

-Si, por exemplo, no concello de Vigo hai cabalos salvaxes no monte.

-De Vigo a Oxford. Coincidiu por alí cun tal Tolkien.

-Tolkien era profesor alí e tomaba cervexas no mesmo bar ao que ía eu. Todas as tardiñas, ás sete, estaba alí con Carl S. Lewis e un bispo anglicano. Nós non sabiamos quen eran eses señores con pinta de catedráticos. Ata que, pasados os anos, volvo entrar alí e vexo na parede unhas fotos de clientes ilustres e vexo aqueles señores e debaixo os nomes: Tolkien, Carl S. Lewis e o bispo non sei quen...

-E despois foi un autor que lle interesou especialmente.

-Si, si, e pensar que puiden falar con el [risos]...

-E contan que vostede tivo na man un dicionario de galego de Tolkien.

-Eu non o vin realmente, pero sei del, porque sei quen o viu. Está na Bodleian, na biblioteca central de Oxford, cun legado de libros de Tolkien. Parece ser que é o dicionario de Carré Alvarellos. Sería moi interesante ver se está alí e, sobre todo, ver que notas ten.

-Aquilo de que a censura lle suprimira un conto titulado «Elipsis» parece unha broma.

-Si, aínda que eu nunca fun moi maltratado pola censura, porque sempre escribín pensando nela. Neste caso o libro **Elipsis** saíu precisamente sen o conto **Elipsis** na primeira edición.

-Se tivese que quedarme cun libro seu elixiría «Con pólvora e magnolias». ¿Acerto?

-Ben. Eu que sei, non teño ningún predilecto.